



desenvolvemento empresarial

2.

O CAPÍTULO DEDICADO Á análise do desenvolvemento empresarial está dividido en tres grandes partes. A primeira delas analiza o número de empresas existentes en Galicia segundo os datos do *Directorio Central de Empresas* (Dirce)⁽¹⁾ do INE e do *Directorio de Empresas e Unidades Locais de Galicia* publicado polo IGE referido ó primeiro de xaneiro do ano 2000.

Como aspecto salientable, entre o 31 de decembro de 2000 e o 31 de decembro de 2001 o número de empresas activas en Galicia, a diferenza do acontecido no conxunto do estado, descendeu un 1,2% (2.006 empresas menos). A 31 de decembro de 2001 había en Galicia un total de 165.726 empresas

activas (o 6,1% do total de empresas existentes en España, segundo o INE). A meirande parte das sociedades activas en Galicia nese período corresponde a persoas físicas (65,2%), seguida das SRL, que acadaban o 25,5%, pertencendo o 77,4% das empresas (128.313 empresas) ó sector servizos e un 13,6%, ó sector da construción (22.614 empresas).

Segundo o *Directorio de Empresas e Unidades Locais de Galicia* presentado polo IGE, do total das 168.616 empresas que realizan algunha actividade en Galicia a 1 de xaneiro 2000, tiñan a súa sede social no territorio galego 166.055 empresas, e 2.561 a tiñan fóra de Galicia.

1) O Dirce cubre tódalas actividades económicas agás a produción agraria e pesqueira, os servizos administrativos da Administración Central, Autónoma e Local (incluída a Seguridade Social), as actividades das Comunidades de propietarios e o Servizo doméstico. A unidade básica de análise é a empresa, que se define como unha organización sometida a unha autoridade rectora que pode ser, segundo os casos, unha persoa física, unha persoa xurídica ou unha combinación de ámbalas dúas e constituída con miras a exercer nun ou varios lugares unha ou varias actividades económicas por conta dunha mesma empresa.

Na segunda parte faise referencia ós datos presentados polo Rexistro Mercantil Central, salientando que no ano 2001 constituíronse un total de 4.737 sociedades (que supuñan o 4,2% das sociedades constituídas en España). Comparado co ano anterior, descende o número de constituicións de sociedades nun 9,5% (5.000 sociedades menos). A meirande parte das empresas creadas en Galicia tivo a forma de sociedade limitada (o 90,9%) e só un 2,5% foron sociedades anónimas. Neste ano 2001 rexistráronse catro suspensións de pagamentos, o 2,6% das producidas en España, e dez quebras, un 2,1% das acontecidas no conxunto do estado.

Finalmente, tendo en conta a metodoloxía seguida por Ardán, analízanse os trazos de competitividade das empresas galegas, agrupándoas en “empresas gacela”, “empresas de alto rendemento”, “empresas xeradoras de riqueza” ou empresas de alta produtividade”. En tódolos grupos ten un peso importante o subsector de empresas de fabricación, que representa o 18,5% do total de empresas gacela, o 23,7% das de alto rendemento, o 43,3% das empresas xeradoras de riqueza e o 23,3% das empresas de alta produtividade.

Datos DIRCE

O número de **empresas activas** en Galicia a 31 de decembro de 2001 acadou as 165.726 empresas, o que representa o 6,1% do total de empresas activas nese período no conxunto estatal. Comparado coas outras comunidades autónomas, Galicia segue a sela quinta comunidade con maior número de empresas tras Cataluña (acolle o 19% das empresas españolas), Andalucía (o 14,7%), Madrid (o 14,2%) e a Comunidade Valenciana (10,6%).

Ó contrario do acontecido no ano anterior en Galicia, ó longo do ano 2001 descendeu o número de empresas activas en Galicia un 1,2% (2.006 empresas) fronte ó crecemento do 2,5% experimentado no conxunto de España. Comparado coas outras

comunidades autónomas, o **cadro 2.5.1.** reflicte que cinco comunidades presentan un descenso no número de empresas activas (Asturias, Castela a Mancha, Castela León, Galicia e País Vasco) sendo o descenso galego superado tan só por Asturias, con 2.092 empresas menos.

A provincia de A Coruña é a que acolle o maior número de empresas a 31 de decembro de 2001, con 66.276 empresas (o 40% do total de empresas existentes), seguida de Pontevedra, con 56.293 empresas (34%), en tanto que Lugo e Ourense tiñan 21.942 (13,2%) e 21.215 (12,8%), respectivamente. Comparado coas cifras do ano anterior, o número de empresas descende tan só na provincia de A Coruña, que experimenta un descenso de 3.745 empresas (un 5,3% menos). No lado oposto sitúase Pontevedra, cunha medra do 2,9% (1.583 empresas máis).

Atendendo á súa **distribución sectorial**, o sector servicios acolle un total de 128.313 empresas (52.217 pertencentes ó subsector comercio), o 77,4% do total de empresas, fronte ás 22.614 empresas do sector da construción (un 13,6%) e 14.799 empresas industriais (8,9%). No conxunto do estado estas porcentaxes representan o 78,5% no sector servicios e o 12,4% e 9,1% no caso das empresas de construción e da industria.

Comparado co ano anterior, o descenso do número de empresas rexístrase en tódolos sectores agás no da construción, que experimenta unha medra de 988 empresas. Na industria, hai 39 empresas menos, mentres que no sector servicios a caída do número de empresas foi de 2.955 empresas (1.515 no caso do subsector comercio).

Atendendo á desagregación por **ramas de actividade**, **cadro 2.5.2.**, as tres ramas de actividade máis importantes segundo o número de empresas son, ó igual que no ano anterior, as de “outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados”, con 17.206 empresas en 2001, “estable-

CADRO 2.5.1.

Empresas existentes nas CC.AA. 2000-01 ⁽¹⁾

	2000		2001		01/00	
	CA / total		CA / total		01/00	
	(%)		(%)		(%)	
Andalucía	384.086	14,5	398.302	14,7	14.216	3,7
Aragón	80.586	3,0	81.533	3,0	947	1,2
Asturias	65.301	2,5	63.209	2,3	-2.092	-3,2
Baleares	71.424	2,7	73.358	2,7	1.934	2,7
Canarias	108.619	4,1	113.165	4,2	4.546	4,2
Cantabria	32.288	1,2	33.017	1,2	729	2,3
Castela-A Mancha	100.804	3,8	100.492	3,7	-312	-0,3
Castela e León	147.775	5,6	147.496	5,4	-279	-0,2
Cataluña	494.153	18,7	515.173	19,0	21.020	4,3
C. Valenciana	281.932	10,7	288.408	10,6	6.476	2,3
Estremadura	47.765	1,8	57.419	2,1	9.654	20,2
Galicia	167.732	6,3	165.726	6,1	-2.006	-1,2
Madrid	377.785	14,3	384.638	14,2	6.853	1,8
Murcia	69.865	2,6	72.547	2,7	2.682	3,8
Navarra	36.606	1,4	37.333	1,4	727	2,0
País Vasco	152.722	5,8	152.211	5,6	-511	-0,3
A Ríoxa	18.985	0,7	19.499	0,7	514	2,7
Ceuta e Melilla	6.889	0,3	6.874	0,3	-15	-0,2
Total	2.645.317	100	2.710.400	100	65.083	2,5

(1) os datos están referidos a 31 de decembro de cada ano
 Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

CADRO 2.5.2.

Ramas de actividades empresariais máis importantes 2000-01 ⁽¹⁾

CNAE	Ramas de actividade	2000	2001	01/00
		(número de empresas)		
45	Construcción			
	Construcción xeral de inmobles e obras de enxeñaría civil	11.946	12.491	545
52	Comercio polo miúdo, agás o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos persoais e enseres domésticos			
	Comercio polo miúdo en establecementos non especializados	6.072	5.617	-455
	Comercio polo miúdo de alimentos, bebidas e tabaco en establecementos especializados	5.602	5.204	-398
	Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados	17.743	17.206	-537
55	Hostelería			
	Establecementos de bebidas	16.267	15.574	-693
			12.079	
60	Transporte terrestre. Transporte por tuberías			
	Outro tipo de transporte terrestre	12.066	12.079	13
74	Outras actividades empresariais			
	Actividades xurídicas, de contabilidade, teneduría de libros, auditoría, asesoría fiscal, estudos de mercado e realización de enquisas de opinión pública; consulta e asesoramento sobre dirección e xestión empresarial, xestión de sociedades de carteira.	7.384	7.091	-293

(1) os datos están referidos a 31 de decembro de cada ano
 Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

cementos de bebidas”, con 15.574 empresas, e “construcción de inmobles e obras de enxeñaría civil”, con 12.491 empresas. As tres ramas de actividade concentran, ó igual que no ano anterior, en torno ó 27% das empresas recollidas no Dirce.

No concernente ó **tamaño** das empresas galegas e a súa comparación co total estatal, o Dirce sinala que o 50,7% das empresas galegas son empresas sen asalariados (83.996

firmas), fronte ó 52,6% no ámbito estatal. Das empresas con asalariados, en Galicia un 59% teñen un ou dous traballadores (48.206 empresas) e un 21,1% (17.277 empresas) teñen entre tres e cinco traballadores. No conxunto do estado, estas porcentaxes son do 55,8% e do 21,1%, respectivamente.

Ó longo do ano 2001 o volumen total de empresas descendeu tan só no caso das empresas sen asalariados, con 3.698 empre-

Empresas existentes en Galicia e España 2001: distribución segundo tamaño das empresas

		Galicia				España	G/E
		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra		
Total	165.726	66.276	21.942	21.215	56.293	2.710.400	6,1
Sin asalariados	83.996	34.388	11.094	11.377	27.137	1.425.332	5,9
De 1 a 2 asalariados	48.206	18.542	6.842	6.141	16.681	716.914	6,7
De 3 a 5 asalariados	17.277	6.728	2.285	1.967	6.297	271.764	6,4
De 6 a 9 asalariados	7.595	2.976	890	881	2.848	131.666	5,8
De 10 a 19 asalariados	4.889	2.031	514	507	1.837	89.840	5,4
De 20 a 49 asalariados	2.711	1.134	252	242	1.083	50.595	5,4
De 50 a 99 asalariados	607	258	39	63	247	13.468	4,5
De 100 a 199 asalariados	269	135	19	22	93	6.190	4,3
De 200 a 499 asalariados	126	55	6	9	56	3.276	3,8
De 500 a 999 asalariados	29	16	1	5	7	815	3,6
De 1.000 a 4.999 asalariados	18	11	-	1	6	466	3,9
Máis de 5.000 asalariados	3	2	-	-	1	74	4,1

Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

sas menos. Ó igual que para o conxunto de empresas galegas, este descenso prodúcese en tódolos sectores agás no da construción, con 410 empresas sen asalariados máis. Na industria o descenso foi de 267 empresas e no sector servicios foi de 3.841 empresas (1.666 no caso do subsector comercio).

Atendendo á **distribución provincial** cómpre salientar, por unha banda, que A Coruña presenta o maior número de empresas nos diferentes niveis de asalariados considerados no **cadro 2.5.3**. O número de empresas sen asalariados descende en tódalas provincias galegas agás en Pontevedra (con 348 empresas máis), sendo especialmente considerable o descenso experimentado en A Coruña, con 3.696 empresas sen asalariados menos. Pola contra, no caso das empresas con asalariados, o seu número medra en tódalas provincias agás en A Coruña, con 49 empresas menos. En Pontevedra, o número de empresas con asalariados creceu en 1.235 empresas.

Os datos do Dirce reflicten o predomínio da **condición xurídica** de persoas físicas que representa, **cadro C.2.18**. (*Empresas existentes 2001: distribución segundo a súa condición xurídica*), o 65,2% do total de empresas existentes en Galicia (108.031 empresas), fronte ó 25,5% (42.277 empresas) das sociedades de responsabilidade limitada ou o 2,4% (4.049 empresas) no caso das

sociedades anónimas. Comparado co total estatal, o peso relativo das persoas físicas é do 6,5% (6,8% no ano anterior), o das sociedades anónimas mantense no 3,2%, e no caso das SRL a súa importancia relativa a 31 de decembro de 2001 foi do 5,9% fronte ó 6,1% do ano anterior.

En relación ó ano anterior, o descenso no número de empresas existente ven explicado fundamentalmente pola caída das empresas coa condición xurídica de persoas físicas, con 3.769 empresas menos, descendendo tamén o número de sociedades anónimas (86 empresas menos), e o das sociedades colectivas e organismos autónomos e outros, co 3 e 21 empresas menos, respectivamente. Asemade, no caso da distribución provincial, cómpre salientar, por unha banda, a medra rexistrada en tódalas provincias galegas no caso das SRL, e por outra, que Pontevedra foi a única provincia que rexistrou unha medra no caso das persoas físicas e das sociedades anónimas, con 413 e unha empresa máis, respectivamente.

Segundo o *Directorio de Empresas e Unidades Locais de Galicia* presentado polo IGE, do total das 168.616 empresas que realizan algunha actividade en Galicia a 1 de xaneiro 2000, tiñan a súa sede social no territorio galego 166.055 empresas, e 2.561 a tiñan fóra de Galicia. Comparado co ano anterior, o número de empresas aumenta un

CADRO 2.5.4.

Empresas existentes a 1/1/2000: distribución segundo ramas de actividade ⁽¹⁾

	1999				2000					
	Galicia	Fóra de Galicia	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	Fóra de Galicia	Total
Industrias extractivas										
Extracción de produtos enerxéticos	394	11	405	62	74	84	182	402	12	414
Extracción doutros produtos minerais agás produtos enerxéticos	8	1	9	2	6	-	-	8	8	8
	386	10	396	60	68	84	182	394	11	405
Industria manufacturera										
Industria da alimentación, bebidas e tabaco	13.862	164	14.026	5.666	1.931	2.087	4.584	14.268	158	14.426
Industria téxtil e da confección	2.775	36	2.811	963	453	605	776	2.797	38	2.835
Industria do coiro e do calzado	1.780	3	1.783	1.046	171	176	509	1.902	2	1.904
Industria da madeira e da cortiza	68	1	69	27	13	12	12	64	-	64
Industria do papel, edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	1.886	5	1.891	667	267	315	655	1.904	4	1.908
Refinado de petróleo e tratamento de combustíbeis nucleares	881	12	893	446	74	56	361	937	19	956
Industria química	-	2	2	-	-	-	-	-	2	2
Industria da transformación do caucho e materias plásticas	162	11	173	62	11	22	66	161	6	167
Industrias doutros produtos minerais non metálicos	193	7	200	69	14	24	97	204	7	211
Metalurxia e fabricación de produtos metálicos	991	19	1.010	324	146	181	366	1.017	18	1.035
Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	2.259	20	2.279	818	391	363	760	2.332	20	2.352
Industria de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	462	19	481	201	72	33	178	484	17	501
Fabricación de material de transporte	454	9	463	183	47	62	163	465	6	481
Industrias manufactureiras diversas	475	13	488	157	44	18	272	491	12	503
	1.476	7	1.483	703	228	220	369	1.520	7	1.527
Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga										
Construción	109	30	139	77	17	9	23	126	33	159
	19.863	292	20.155	8.126	2.934	3.559	6.360	20.979	324	21.303
Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores e artigos de uso doméstico										
Hostalería	53.183	835	54.018	21.851	7.006	6.507	18.436	53.800	893	54.693
Transporte, almacenamento e comunicacións	20.420	84	20.504	9.091	2.704	2.628	6.430	20.853	98	20.951
Intermediación financeira	13.222	183	13.405	5.370	2.101	1.531	4.360	13.362	192	13.554
Actividades inmobiliarias e de alugueiro; servizos empresariais	2.041	167	2.208	1.033	314	269	676	2.292	175	2.467
Educación	21.525	443	21.968	10.537	2.580	2.436	7.349	22.902	498	23.400
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	2.463	30	2.493	1.138	286	282	895	2.601	38	2.639
Outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade; servizos persoais	5.344	29	5.373	2.446	735	537	1.741	5.459	42	5.501
	8.562	90	8.652	3.961	1.172	1.040	2.838	9.011	98	9.109
Total	160.988	2.358	163.346	69.358	21.854	20.969	53.874	166.055	2.561	168.616

(1) empresas con sede social en Galicia que na data de referencia realizan algunha actividade económica no territorio galego
 Fonte: IGE, Directorio de Empresas de Galicia

3,2%, incremento que chega ó 8,6% no caso das empresas con sede fóra de Galicia.

O **cadro 2.5.4.** amosa que nas catro provincias galegas, unha terceira parte das empresas pertencen ó grupo de “venta, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores e artigos de uso doméstico”. No conxunto de Galicia, así como nas provincias de Pontevedra e A Coruña, séguenlle en importancia as empresas pertencentes ás “actividades inmobiliarias e de alugueiro; servicios empresariais” e “hostalería”. Pola contra, nas provincias de Lugo e Ourense, a segunda rama de actividade máis importante en canto ó número de empresas é a de “construcción”, seguida da “hostalería”.

Tendo en conta a importancia de cada industria nas diferentes provincias (segundo o número de empresas), do **cadro 2.5.4.** pode deducirse a importancia relativa do sector de industrias extractivas, da industria de transformación do caucho e materias plásticas e das industrias de transformación de material de transporte na provincia de Pontevedra (acolle o 45,3%, o 47,5% e o 55,4% do total de empresas dos devanditos sectores en Galicia, respectivamente), e a importancia das empresas pertencentes á industria téxtil e da confección e da produción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga, na provincia de A Coruña (55% e 61,1%, respectivamente)

Datos do Rexistro Mercantil

O número de sociedades mercantís constituídas en Galicia continúa descendendo ó longo do ano 2001, ó se constituír 500 sociedades menos que no ano 2000 (un 9,5%). O **cadro C.2.19.** (*Sociedades constituídas nas CC.AA. 2000-01: distribución segundo a súa forma xurídica*) reflicte que no último ano constituíronse en Galicia un total de 4.737 sociedades mercantís (o 4,2% do total de sociedades mercantís constituídas no conxunto do estado), sendo a sétima comunidade autónoma en canto ó número de sociedades creadas. Neste ano catro comunidades

autónomas, Cataluña, Madrid, Andalucía e C. Valenciana, acollen o 65,7% do total das novas sociedades.

O capital subscrito polo conxunto de sociedades creadas en Galicia no 2001 ascendeu a 321,6 millóns de euros (o 2,2% do capital subscrito en España), do que foi desembolsado un total de 316,7 millóns de euros (o 2,4% do total estatal).

O devandito **cadro C.2.19.** reflicte que comparado coas outras comunidades autónomas, Galicia rexistra o cuarto descenso máis acusado, por detrás de Madrid (2.488 sociedades menos), Canarias (807 sociedades) e Cataluña (665 sociedades).

Atendendo á desagregación provincial, A Coruña e Pontevedra acollen o 81,7% das sociedades constituídas en Galicia fronte ó 80% do ano anterior. A diferenza do acontecido ó longo do ano 2000, no ano 2001 descende o número de sociedades constituídas nas catro provincias galegas. A Coruña e Pontevedra constitúen 166 e 154 sociedades mercantís menos, en tanto que o descenso en Ourense e Lugo foi de 102 e 78 sociedades menos que no ano anterior.

Se se considera como indicador da taxa de creación de empresas a ratio “número de sociedades constituídas/10.000 habitantes”, 5 comunidades autónomas (Balears, Canarias, Cataluña, C. Valenciana e Madrid) presentan unha ratio superior á media estatal. Galicia ocuparía o décimo terceiro lugar nunha clasificación por esa ratio, por diante de Asturias, Castela e León e Extremadura, con 17,3 sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes, cando a media estatal é de 27,2 sociedades. No ano 2000, eses valores eran de 19,2 e de 28,6 sociedades por cada 10.000 empresas, respectivamente.

O número de **suspensións de pagamentos** rexistradas en Galicia descendeu ó longo do ano 2001, rexistrándose un total de 4 suspensións fronte ás 11 do ano anterior. Esas

CADRO 2.5.5.

Sociedades que suspenderon pagamentos nas CC.AA. 2000-01: distribución segundo a súa forma xurídica

	S.A.		S.L.		Outras		Total	
	2000	2001	2000	2001	2000	2001	2000	2001
Andalucía	4	6	3	4	1	-	8	10
Aragón	3	5	3	1	-	2	6	8
Asturias	-	3	-	3	-	-	-	6
Baleares	-	-	-	-	-	-	-	-
Canarias	1	2	1	1	-	-	2	3
Cantabria	-	1	-	-	-	-	-	1
Castela - A Mancha	1	4	3	1	-	-	4	5
Castela e León	5	3	5	5	-	-	10	8
Cataluña	23	34	16	16	2	-	41	50
C. Valenciana	7	3	21	7	1	-	29	10
Extremadura	1	-	1	1	-	-	2	1
Galicia	7	-	4	4	-	-	11	4
A Coruña	3	-	2	2	-	-	5	2
Lugo	2	-	-	-	-	-	2	-
Ourense	1	-	-	-	-	-	1	-
Pontevedra	1	-	2	2	-	-	3	2
Madrid	19	15	7	14	-	1	26	30
Murcia	-	-	-	2	-	-	-	2
Navarra	2	-	2	-	1	-	5	-
País Vasco	12	11	6	5	-	-	18	16
A Ríoxa	-	1	-	1	-	-	-	2
Ceuta e Melilla	-	-	-	-	-	-	-	-
Total	85	88	72	65	5	3	162	156

Fonte: Registro Mercantil Central

CADRO 2.5.6.

Quebras de sociedades nas CC.AA. 2000-01: distribución segundo a súa forma xurídica

	S.A.		S.L.		Outras		Total	
	2000	2001	2000	2001	2000	2001	2000	2001
Andalucía	8	6	8	11	1	2	17	19
Aragón	7	2	6	5	3	2	16	9
Asturias	2	6	11	8	2	1	15	15
Baleares	6	3	4	9	3	3	13	15
Canarias	1	2	2	3	-	-	3	5
Cantabria	-	2	3	-	1	-	4	2
Castela - A Mancha	3	1	3	4	-	-	6	5
Castela e León	3	3	7	4	1	2	11	9
Cataluña	94	78	124	136	1	3	219	217
C. Valenciana	8	3	23	23	8	3	39	29
Extremadura	3	4	1	3	-	1	4	8
Galicia	4	5	9	4	2	1	15	10
A Coruña	3	4	6	2	1	-	10	6
Lugo	1	-	-	1	1	-	2	1
Ourense	-	-	-	-	-	-	-	-
Pontevedra	-	1	3	1	-	1	3	3
Madrid	29	29	29	35	2	3	60	67
Murcia	-	3	8	6	3	-	11	9
Navarra	2	-	3	-	-	-	5	-
País Vasco	31	17	18	22	6	9	55	48
A Ríoxa	2	3	4	1	-	-	6	4
Total	203	167	263	274	33	30	499	471

Fonte: Registro Mercantil Central

Extincións de sociedades nas CC.AA. 2000-01: distribución segundo a súa forma xurídica

	S.A.		S.L.		Outras		Total	
	2000	2001	2000	2001	2000	2001	2000	2001
Andalucía	167	134	430	662	192	23	789	819
Aragón	73	58	234	218	20	14	327	290
Asturias	23	25	73	115	38	10	134	150
Baleares	89	83	240	231	28	7	357	321
Canarias	36	34	143	180	38	6	217	220
Cantabria	7	8	18	23	12	1	37	32
Castela - A Mancha	21	26	150	204	37	9	208	239
Castela e León	49	54	198	284	67	8	314	346
Cataluña	680	637	1.611	1.892	81	81	2.372	2.610
C. Valenciana	125	139	680	909	136	40	941	1.088
Extremadura	24	23	53	92	23	4	100	119
Galicia	56	70	212	254	83	8	351	332
A Coruña	23	37	79	133	38	3	140	173
Lugo	4	9	41	34	12	2	57	45
Ourense	8	8	15	24	6	1	29	33
Pontevedra	21	16	77	63	27	2	125	81
Madrid	722	678	1.047	1.271	110	215	1.879	2.164
Murcia	25	24	77	158	29	2	131	184
Navarra	27	40	86	74	2	11	115	125
País Vasco	148	190	354	478	91	28	593	696
A Rioxa	14	24	48	73	5	-	67	97
Ceuta e Melilla	-	-	-	14	-	-	-	14
Total	2.286	2.247	5.654	7.132	992	467	8.932	9.846

Fonte: Registro Mercantil Central

catro suspensións correspóndense, **cadro 2.5.5.**, a sociedades limitadas, estando dúas delas en A Coruña e as outras dúas en Pontevedra. O peso relativo das suspensión rexistradas no total estatal foi do 2,6% fronte ó 6,8% do ano 2000.

No concernente ás **quebras** de sociedades, **cadro 2.5.6.**, rexistráronse un total de dez quebras no ano 2001, o que significa que Galicia acolle o 2,1% do total das quebras rexistradas no conxunto do estado. Destas dez quebras, cinco corresponden a quebras de sociedades anónimas e catro a sociedades limitadas.

Por provincias, A Coruña rexistra o maior número de quebras de sociedades, con seis, seguida de Pontevedra, con tres, e Lugo, cunha quebra.

Finalmente, no ano 2001 producíronse en Galicia 332 **extincións** de sociedades mercantís, o que representa o 3,4% do total das extincións rexistradas en España. Das 332 extincións, un total de 254 corresponderon a sociedades limitadas (o 76,5% mentres que as extincións de sociedades anónimas ascendeu a 70 (un 21,1%). Por provincias, o maior

número de extincións rexistráronse en A Coruña, con 173 extincións, seguida de Pontevedra, con 81, e de Lugo e Ourense, con 45 e 33, respectivamente.

Rasgos de competitividade das empresas galegas

A análise dos rasgos de competitividade das empresas galegas partirá dos datos das empresas seleccionadas por Ardán en función dos seguintes criterios: empresas que teñen a súa sede social en Galicia, que a súa facturación excede de 378,6 miles de euros en 2000, cumpren coas súas obrigacións rexistradas e se dispón de datos para tres anos consecutivos.

Seguindo a metodoloxía do servizo de información Ardán, á hora de analiza-la competitividade das empresas galegas, estas pódense dividir en empresas gacela, empresas de alto rendemento; empresas xeradoras de riqueza; e, finalmente, en empresas de alta produtividade.

Das 9.012 empresas que cumpren os criterios mencionados, un total de 508 empresas, analizadas desde 1998 a 2000, son consi-

 CADRO 2.5.8.
Rasgos de competitividade das empresas galegas 1998-00

	Empresas Gacela (1)		Empresas de alto rendemento (2)		Empresas xeradoras de riqueza (3)		Empresas de alta productividade (4)	
	Número	(% / total)	Número	(% / total)	Número	(% / total)	Número	(% / total)
Maioristas	104	20,5	33	13,0	5	8,3	24	20,0
Fabricantes	94	18,5	60	23,7	26	43,3	28	23,3
Construcción	122	24,0	28	11,1	13	21,7	28	23,3
Detallistas	51	10,0	21	8,3	5	8,3	9	7,5
Servicios	70	13,8	72	28,5	5	8,3	13	10,8
Transportes, comunicacións e serv. públicos	38	7,5	21	8,3	4	6,7	12	10,0
Agricultura, silvicultura, gandería e pesca	19	3,7	8	3,2	1	1,7	6	5,0
Minería	10	2,0	10	4,0	1	1,7	-	-
Total	508	100	253	100	60	100	120	100

(1) aquela empresa que aumenta o seu volume de negocio de forma continuada, durante un período de polo menos 3 anos consecutivos, cun incremento anual superior ó 25%, durante cada un dos 3 anos

(2) aquela empresa que consegue unha rendibilidade económica media de polo menos o 25%, nun período mínimo de 3 anos e sempre e cando en ningún ano obtivera unha rendibilidade económica por debaixo do 15%

(3) aquela empresa que ten un valor económico engadido positivo durante o período de análise, que o VEB de 1995 sexa superior a 25 millóns de pesetas e que o crecemento do VEB debe ser do 25% durante os 3 anos de estudo

(4) aquela empresa que durante os 3 anos consecutivos obtén un VEB por empregado entre o 25% das mellores empresas do gran sector e este crece por riba do 10% durante cada un dos tres anos consecutivos do período de estudo.

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de Ardán

deradas empresas gacela (aquelas que aumentan o seu volume de negocio de forma continuada, ó longo dun período de alomenos 3 anos consecutivos, por encima do 25% de incremento anual, durante cada un dos tres anos). Do total das 508 empresas, un total de 107 empresas multiplican o seu volume de negocios por máis de tres, das que 32 empresas o fan por máis de 5.

O crecemento medio dos ingresos experimentado por este tipo de empresas foi, en termos relativos, de 59,8% no período 1998-2000, sendo no 98-99 do 63,5%.

Atendendo á desagregación por sectores, o **cadro 2.5.8.** reflicte que os tres sectores máis importantes son os de construción, comercio por xunto e fabricantes, que acollen ó 63% das empresas gacela consideradas por Ardán.

Xunto a estas empresas gacela, hai un total de 253 empresas de alto rendemento (aquelas que conseguen unha rendibilidade económica media de alomenos o 25%, nun período mínimo de tres anos, e sempre e cando en ningún ano obtivera unha rendibilidade económica inferior ó 15%) que presentan unha rendibilidade económica nos anos 1998, 1999 e 2000 do 38,0%, 38,9% e o 34,3%, sucesivamente.

En canto á súa distribución por sectores, o **cadro 2.5.8.** reflicte que a meirande parte das mesmas están emprazadas en dous grandes sectores, o das actividades de servizos e os de fabricación, que acollen o 52,2% das empresas consideradas de alto rendemento.

En relación ás empresas xeradoras de riqueza (aquelas que cumpren os seguintes tres requisitos: crean un valor positivo para o accionista no período 98-00; o valor engadido bruto de 1998 debe ser superior ós 150.253,03 euros; e, finalmente, o crecemento do VEB debe ser do 10% durante os tres anos), Ardán considera que hai un total de 60 empresas, emprazadas principalmente no sector de fabricantes, que acolle ó 43,3% das mesmas.

Finalmente, hai que considerar un total de 120 empresas de alta produtividade (aquela que durante tres anos consecutivos obtén un valor engadido bruto por empregado entre o 25% das mellores empresas do gran sector e este valor crece por riba do 10%, durante cada un dos tres anos consecutivos do período de estudo), emprazadas principalmente nas actividades de fabricación, construción e distribución maiorista, que acollen ó 66,6% das empresas consideradas. ■

2.

